

1. Argumento:

Unha rapaza chamada Catuxa descobre que o que ela pensaba, e o resto da xente crea, que fora un suicidio por parte do seu pai non era así, senon que fora un asasinato. A rapaza acudiu ó despacho do seu pai, unha vez alí, e tras ver o ordenador encendido, deuse conta de que estaba presenciando unha aparición do seu pai morto días atrás. Este confesoulle o que realmente pasara aquel fatídico día no despacho, un cliente seu, matarano por unha perda de diñeiro pola súa parte de el. Así mesmo, contalle que ten un irmán ó que debe levar unha suma de diñeiro como herdanza. A rapaza indignada decide saldar a morte do seu pai, contanta con Xermán (o seu irmán, aínda que logo descobrese que non é así) e xuntos comencian unha aventura rematada traxicamente con tres mortes. Ó atopar a un deles, este di que a arma có que mataron ó pai de Catuxa está na casa de outro. Ó chegar alí, a súa muller matao. Despois disto, Xermán entrando na casa, e salvando a Catuxa, mata ó outro. Ó chegar ó seu pobo, entrando no despacho para averiguar se o pai podía volver manifestarse, chega otro complice do asasinato e morre por una descarga eléctrica.

Nesta historia intercalase outro tema: o cambio xubenil dos dous protagonistas (Catuxa e Xermán) os cales rematan con diñeiro da herdanza dunha conta oculta do pai.

2. Personaxes:

Todos os personaxes do libro son reais ou teñen os caracteres e comportamentos de selo ou polo menos aparentalo.

Personaxes primarios:

- Catuxa: a filla do xestor asasinado, unha rapaza duns 17 anos de idade que despois da súa morte vive unha etapa dura na que demostra cambios psicolóxicos. Personase redondo polo seu cambio do principio da historia ata o final.
- Xermán: O outro fillo do xestor que mais adiante demostrase que non é así, senon unha especie de chantaxe entre a nai de Xerman contra el. Acompañará a Catuxa ó longo da súa experiencia e matará a un home por defendela. Polo mesmo que Catuxa presentase como personaxe redondo.

Personaxes secundarios:

- A muller do xestor: (nai de Catuxa) profesora nun instituto cercano e que aínda que últimamente tivera unha relación un pouco fría co seu marido, sentira a súa morte.
- A nai de Xermán: Coa que o Xestor tivera un amorío a piques de casar coa súa muller, estando esta embarazada.
- O Xestor: Morre asasinado e despois de morto aparece a Catuxa para contarlle que o seu fora un asasinato e non un suicidio como creían todos e para contarlle que tiña unha conta segreda na que gardaba 30 millóns de peséas e precisaba da súa axuda para que lle levase a Xermán 5 millóns de peséas.
- Ramiro: o porteiro do edificio no que estaba o despacho da xestoría. Non aparece moito na historia pero cada vez que Catuxa decide ir ó despacho aparece él.
- Castiñeiras: Un dos complices do asasinato que leva os clientes do xestor asasinado, amigo de Cotelo e intenta descubrir a conta segreda do xestor, sen conseguilo. Finalmente morre por unha electrocución no despacho do xestor.
- Cotelo: Home que matou ó xestor aínda cando o atopan diga que non. Só sae ó final, morre asasinado por Xermán para defender a Catuxa.
- Carmucha: Muller de Cabuxo. Está loca, xa foi ingresada nun psiquiátrico pero últimamente estaba na casa. Mata ó seu marido cun fouciño.

- Cabuxo: o dono dos cartos que o xestor había perdido tras unha mala inversión que lle custou a vida. Cartos de contrabando.
- Begoña: Amiga íntima de Catuxa á que lle conta todo, todo menos o que últimamente pasara.

3. Voz narradora:

A voz narradora desta historia é Catuxa contando o que lle pasara, en pasado. Utilización na súa meirande parte da 1ª persoa. Intercalación de estilo directo e estilo indirecto utilizando unha visión subxectiva.

4. Espacio:

Os lugares nos que se desenvolve os feitos son varios. Un dos principios é o despacho da xestoría que é onde aparece o xestor despois de morto; a casa de Catuxa, onde fala coa súa nai de todo o sucedido; na casa de Xerman, onde vai buscalo por primeira vez; o instituído, aínda que non acuda moito no transcurso da historia, unha vez foi aínda que se puxo mal. Na Illa de Arousa: No bar de Cotelos onde o atopan e o levan; na casa do Cabuxo, onde morren Cotelos e Cabuxo, Cotelos a mans de Xermán e Cabuxo a mans da súa muller; a praia de Arousa, onde se bañan despois de cometer o asinato.

5. Tempo:

Tempo interno:

A historia transcorre a redor de tres ou catro días, como moito unha semana. Hai unha prolepse no prólogo onde di que vai contar a súa historia, sen máis prolepses nin analepses. Contado todo cronoloxicamente

Tempo externo:

O tempo externo é na actualidade. Nótase isto na referencia que se fai ós ordenadores (xa que non son de moito tempo atrás), o 4x4 do seu pai, o teléfono móbil do pai, a recortada que lle emprestou Xermán ...

6. Algúns datos do autor:

Suso de Toro é un dos narradores máis representativos e activos da literatura galega actual. Cunha prosa rápida, directa e viva achégalle ó lector unha visión dos aspectos máis expresivos e conflictivos da sociedade urbana e dos problemas cotiáns das súas xentes. Os seus relatos engaiolan ós lectores máis novos grazas á súa capacidade para plasma-la realidade que os rodea, na medida en que reflicte os seus personaxes os problemas xeracionais e de personalidade que envolven á xuventude actual